

Memoria 2025



ÍNDICE

1	XARUMA.....	3
2	INTRODUCCIÓN	4
3	ÁREAS DE ACTUACIÓN	6
4	PERSOAS BENEFICIARIAS.....	7
5	OBXECTIVOS	11
	5.1. Obxectivo xeral	11
	5.2. Obxectivos xerais por áreas de actuación	11
	5.3. Obxectivos específicos por áreas de actuación	11
6	PROXECTOS E ACTIVIDADES.....	16
	Proxecto Naturalmente	16
	Proxecto Mentalízate.....	51
	Proxecto Fiares.....	57
	Proxecto Mulleres en acción e Voces Moradas.....	63
	Acondicionamento novo local	65
	Cursos Educación Non Formal.....	67
7	TEMPORALIZACIÓN.....	70
8	RESULTADOS ACADADOS	71
9	SUSTENTABILIDADE FUTURA	77
10	MEMORIA ECONÓMICA	77

1 XARUMA

Xaruma é unha entidade sen ánimo de lucro que se constitúe o 13 de xuño de 2010, como unha entidade aberta á sociedade e aos medios educativos do tempo libre e da **animación socio cultural**. Constitúese ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

Segundo rexen os seus estatutos, a **entidade** pretende ofertar un servizo de capacitación e orientación aos/ás que traballan ou queren facelo na educación e no eido da animación socio cultural. Pretende ser un servizo a disposición das entidades públicas e privadas de diversa índole.

Horario habitual: de martes a sábado de 9:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h

Correo electrónico: xarumaorg@gmail.com

Dirección contacto: Crisantemo 10, 1ºdereita. 36207 Vigo


Teléfonos: 986 127 949 / 698 142 158

Páxina web: xaruma.org

Dende o 2 de decembro de 2024 Xaruma é unha entidade **declarada de utilidade pública**.

2 INTRODUCCIÓN

Xaruma, ao longo do ano 2024 desenvolveu o seu labor en torno a seis áreas de intervención.



Pero, como o pasado ano, ampliando a nosa oferta de servizos en cada unha das áreas, levando a cabo novas actividades para un perfil diverso da poboación, seguindo a liña do que marcan os nosos estatutos.

Pretendeuse capacitar ás persoas con trastornos mentais dunha formación e unhas habilidades que proporcionarán unha mellora da calidade de vida tanto aos beneficiarios directos como aos indirectos, encamiñando as actividades formativas en torno a tres eixos que dende Xaruma consideramos necesarios na sociedade:

- ▶ **Naturalmente:** en prol da integración de persoas con discapacidade, aportando habilidades e capacidades prelaborais e para unha vida autónoma, incidindo tamén na esfera ambiental.
- ▶ **Mentalízate:** en beneficio da participación, da sensibilización e do fomento do emprego a partires de actividades de integración e abertas á sociedade e actividades formativas.
- ▶ **Fiares:** proxecto de intervención familiar no eido da saúde mental.
- ▶ **Mulleres en acción e Voces Moradas:** proxecto de apoderamento feminino en saúde mental, onde destacamos as formacións en materia de igualdade e as accións de divulgación, así como o grupo de mulleres.
- ▶ **Formacións.** Cursos formativos no eido da educación non formal.
- ▶ **Proxectos de investimento,** polos que reformamos o actual local.

SINERXIAS		
Entidade	Localidade / Área	Colectivo/Ámbito de intervención
DOA	Vigo e Cangas	Persoas con trastornos mentais
Hospital Nicolás Peña	Vigo	Persoas con trastornos mentais
ASVIDAL	Vigo	Alcoholismo e outras adiccións
Fundación Aldaba	Vigo	Intervención social e familiar
ANPA Pintor Laxeiro	Vigo	Educación
Asociación Inventiva	Vigo	Educación
UTS	Vigo	Intervención social e familiar
USM	Vigo	Persoas con trastornos mentais
Colexio Apóstolo Santiago	Vigo	Educación
SURGAPA	Suroeste de Galicia	Educación
ASBIGA	Galicia	Persoas con trastorno bipolar
ANDAINA	Dodro e Padrón	Persoas con trastornos mentais

Itínera	Santiago de Compostela	Persoas con trastornos mentais
Escola de Cidadáns do SERGAS	Galicia	Educación
APES	Ourense	Persoas reclusas e ex-reclusas
Colexio Oficial de Traballo Social	Galicia	Educación
Escola Infantil Vilalaura	Vigo	Educación
CEIP García Barbón	Vigo	Educación
Colexio San José de la Guía	Vigo	Educación
Universidade de Vigo	Vigo	Educación
Asociación Provivienda	Vigo	Intervención social e familiar
IES Chapela	Redondela	Educación e voluntariado

3 ÁREAS DE ACTUACIÓN

Xaruma intervén, como antes indicamos, nas seguintes áreas de actuación:

1. **Integración social:** pretende promover e integrar na comunidade a persoas con discapacidade promovendo o encontro social, a través de:
 - a. Integración de persoas con enfermidade mental
 - b. Formación
 - c. Coordinación do voluntariado
 - d. Sensibilización
2. **Formación:** a fins de favorecer unha formación profesional nos campos das ciencias sociais e do medioambiente.
 - a. Formación do monitorado, voluntariado e xuventude.
 - b. Formación de persoas con necesidades de aprendizaxe específicas.
3. **Participación:** promove a participación cidadá e o encontro social en actividades de animación social, máis especificamente en:
 - a. Veciñanza

- b. Xuventude
 - c. Voluntariado
 - d. Monitores/as
4. **Normalización Lingüística:** Desenvolver o PXNL canto á normalización do uso do galego no eido da animación social.
- a. Intervención transversal
5. **Emprego:** co fin de aportar orientación e asesoramento ao emprego e asociacionismo.
6. **Igualdade:** coa finalidade de sensibilizar e implicar ás persoas participantes na eliminación de estereotipos de xénero, micromachismos e calquera tipo de discriminación por cuestións de xénero e Promocionar a igualdade entre mulleres e homes.

1. Integración

- A.1.1 Integración de persoas con enfermidade mental
- A.1.2 Formación
- A.1.3 Coordinación do voluntariado
- A.1.4 Sensibilización

2. Formación

- A.2.1 Educación Non Formal (Formación do monitorado, voluntariado e xuventude)
- A.2.2 Educación Medioambiental
- A.2.3. Formación de profesorado

3. Participación

- A.3.1 Veciñanza
- A.3.2 Xuventude
- A.3.3 Voluntariado e Monitorado

4. Normalización Lingüística

- A.4.1 Intervención transversal

5. Emprego

- A.5.1. Asesoramento e Orientación ao emprego e educación.
- A.5.2. Apoio ao emprende-mento e ao asociacionismo

6. Igualdade

- A.6.1. Intervención con perspectiva de xénero.
- A.6.2. Plan de Igualdade
- A.6.3. Concienciación e sensibilización

4 PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias directas destas accións son:

✖ **Persoas con trastornos mentais** que atenden ás seguintes características:

- Mozo/as e adultos/as que padecen unha enfermidade mental crónica seguindo os criterios do DSM-IV e o CIE-10.
- Presentan trastornos psicóticos e/ou afectivos.
- Configuran un grupo mixto, con idades comprendidas entre 27 e os 52 anos, con moi diverso nivel sociocultural/educativo.
- Todos/as toman medicación diariamente prescrita por un médico psiquiatra (neurolépticos, ansiolíticos, antidepressivos hipnóticos, etc.) para o control da sintomatoloxía.
- Todos teñen un grao de minusvalía superior ao 33 % e a maioría teñen 65%.
- A maioría cobra unha pensión non contributiva de menos de 500 €.
- Todos/as teñen asignado un psiquiatra de referencia que segue a súa evolución clínica dende: Unidades de saúde mental de Vigo (Lavadores, Coia, Camelias, A Doblada), unidades de Agudos de Vigo (Nicolás Peña, Meixoeiro), Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica Hospitalaría do Rebullón de Vigo.
- Moitos tiveron problemas de consumo de substancias tóxicas.
- Algúns tiveron ou teñen causas xudiciais pendentes.
- A maioría depende para a súa atención do coidado da súa familia.

Chegamos a 78 persoas

✖ **Familiares de persoas con trastornos mentais:** núcleo familiar é para o 85 % de persoas con problemas psiquiátricos crónicos o principal responsable da súa atención e coidado.

Chegamos a 145 persoas

✖ **Persoas demandantes de formación**

- Estudiantes universitarios e de ciclo superior.

- Persoas en desemprego buscando un aumento da súa formación.
- Persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 36 anos.
- Persoas con trastornos mentais.

Chegamos a 89 persoas

✘ Persoas de centros escolares

- Alumnado 1º ESO e 3º ESO.
- Profesorado

Este colectivo manifestaba gran inquiredanza no coñecemento da saúde e da saúde mental, tanto para o seu día a día como para a intervención con menores.

Chegamos a 87 persoas


✘ Voluntariado interesado en colaborar e formarse no eido da Saúde Mental, con tres perfís diferenciados:

- Persoas entre 16 e 18, estudantes de bacharelato.
- Persoas entre 20 e 30 anos, estudantes de ciclo superior ou carreira universitaria.
- Persoas maiores de 30 anos, traballando ou en situación activa de procura de emprego.

Chegamos a 37 persoas

✘ Persoas participantes en actividades culturais e de veciñanza cun perfil moi diverso en canto a idade, xénero e dedicación.

Chegamos a 335 persoas



Falando en números, as nosas actividades chegaron a un total de 78 persoas con enfermidade mental, o que provocou unha mellora na súa calidade de vida, ademais de preto de 145 persoas familiares beneficiadas, tanto directa como indirectamente.

As nosas accións formativas no eido da Educación Non Formal chegaron a un total de 89 persoas demandantes de formación, o que supón axentes máis formados no ámbito do lecer e na intervención social, o que directamente beneficia a toda a sociedade. 87 alumnos e alumnas beneficiáronse da divulgación en saúde mental.

Por outra banda, un total de 37 persoas voluntarias puideron exercer a súa labor na nosa entidade, aportando iniciativas e favorecendo o desenvolvemento psicosocial das persoas usuarias do servizo.

Tamén destacamos ás persoas interesadas en actividades de índole cultural e de veciñanza, onde se beneficiaron un total de 335 persoas, repartidas entre as diferentes actividades.

TOTAL DE PERSOAS BENEFICIADAS DOS PROXECTOS DA ASOC. XARUMA:

771

5 OBXECTIVOS

5.1. Obxectivo xeral

Potenciar a autonomía e favorecer hábitos prelaborais para a integración na comunidade de persoas con discapacidade e/ou desempregadas a través de actividades rehabilitadoras e mediambientais, promovendo ao mesmo tempo a participación cidadá e unha formación medioambiental e social que sensibilice para o encontro social e a promoción da saúde.

5.2. Obxectivos xerais por áreas de actuación

NIVEIS DE ACTUACIÓN	A1 Integración social	A2 Educación	A3 Participación	A4 Normalización lingüística	A5 Emprego	A6 Igualdade
OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA	O.1. Promocionar e integrar na comunidade a persoas con discapacidade promovendo o encontro social.	O.2. Favorecer unha educación profesional nos campos da educación, das ciencias sociais e do medioambiente	O.3. Promover a participación cidadá e o encontro social en actividades de animación social.	O.4. Desenvolver o PXNL canto á normalización do uso do galego no eido da animación social.	O.5. Ofertar un servizo de orientación e asesoramento laboral e educativo.	A.6.1. Intervención con perspectiva de xénero. A.6.2. Plan de Igualdade A.6.3. Concienciación e sensibilización

5.3. Obxectivos específicos por áreas de actuación

ÁREA DE INTEGRACIÓN SOCIAL	
NIVEIS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

<p>O.E.1.1 Integración de persoas con enfermidade mental</p>	<p>O.E.1.1.1 Achegar recursos e formas de encontro a persoas con enfermidade mental a partir de actividades sociais propias.</p> <p>O.E.1.1.2 Acompañar facendo un seguimento individualizado como garante do apoio psicosocial, mellora e benestar dos usuarios/as.</p> <p>O.E.1.1.3 Promocionar unha vida autónoma</p> <p>O.E.1.1.4 Reforzar a autonomía e a autoestima para normalizar as condutas e a contención de síntomas psicóticos</p> <p>O.E.1.1.5 Establecer tempos para o descanso e alivio emocional das familias</p> <p>O.E.1.1.6 Avaliar as necesidades sociais do colectivo, para estimular o acompañamento social en atención á dependencia.</p> <p>O.E.1.1.7 Velar pola igualdade de xénero e a non perpetuación de estereotipos nas accións de integración.</p> <p>O.E.1.1.8 Colaborar cos centros de rehabilitación para a prevención de condutas negativas favorecedoras de exclusión social</p> <p>O.E.1.1.9 Asumir responsablemente o seu papel cidadán e cidadá no coidado do medio ambiente, exercendo os seus dereitos, con actitudes de interese, solidarias e de cooperación.</p> <p>O.E.1.1.10 Desenvolver hábitos de disciplina, método e traballo individual e colectivo.</p> <p>O.E.1.1.11 Ser conscientes da necesidade de incorporar unha dieta saudable, rica en alimentos frescos e naturais, fronte a comida industrial.</p> <p>O.E.1.1.12 Incorporar hábitos de aforro enerxético e consumo responsable á vida diaria.</p> <p>O.E.1.1.13 Acadar actitudes socializadoras e cooperativas a través do traballo grupal, mellorando tamén na comunicación con terceiras persoas.</p>
<p>O.E.1.2 Formación</p>	<p>O.E.1.2.1 Promover a protección do medioambiente e a saúde mediante a formación e concienciación</p> <p>O.E.1.2.2 Favorecer hábitos prelaborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais incluídas as novas tecnoloxías.</p> <p>O.E.1.2.3 Realizar actividades de educación viaria</p> <p>O.E.1.2.4. Formar a familias coidadoras en autoestima, autocoidado e actuación conxunta, evitando sentimentos negativos e potenciando o valor individual.</p>

O.E.1.3 Coordinación do voluntariado	<p>O.E.1.3.1 Ofrecer un programa continuado e coordinado de voluntariado</p> <p>O.E.1.3.2 Proporcionar as ferramentas precisas para desenvolver o labor voluntario</p>
O.E.1.4 Sensibilización	<p>O.E.1.4.1 Difundir a importancia e necesidade social do voluntariado</p> <p>O.E.1.4.2 Desfacer prexuízos sobre a enfermidade mental</p> <p>O.E.1.4.3 Fomentar a colaboración en rede con outras entidades</p> <p>O.E.1.4.4 Aproveitar as novas tecnoloxías da información na sensibilización e captación de novo voluntariado</p> <p>O.E.1.4.5 Valorar e respectar a diferenza individual e a igualdade de oportunidades, rexeitando os comportamentos discriminatorios e resolvendo os conflitos.</p> <p>O.E.1.4.6 Demostrar a importancia do medioambiente como parte central da saúde mental, facilitando e dando a coñecer aos cidadáns participantes formación e realización de actividades de intervención ambiental.</p>

ÁREA DE EDUCACIÓN	
O.E.2.1 Formación monitorado, voluntariado o xuventude e colectivos en situación de risco ou desvantaxe social (eido de Educación Non Formal)	<p>O.E.2.1.1 Saber detectar as necesidade de intervención na animación social dun grupo de persoas.</p> <p>O.E.2.1.2 Fomentar o intercambio con outras asociacións</p> <p>O.E.2.1.3 Formar adultos sobre creación de organismos, asociacións e empresas</p> <p>O.E.2.1.4 Difundir material educativo</p> <p>O.E.2.1.5 Favorecer a formación do persoal da asociación</p> <p>O.E.2.1.6 Fomentar o coñecemento da biodiversidade e o respecto polo medioambiente como recurso na animación social.</p> <p>O.E.2.1.7 Facilitar unha nova perspectiva do concepto de saúde, concienciando sobre hábitos saudables e coidado do entorno.</p> <p>O.E.2.1.8 Proporcionar recursos para favorecer o movemento asociativo a voluntarios/as e a xuventude</p> <p>O.E.2.1.9 Favorecer que o noso alumnado siga unha formación atendendo ao sistema de cualificación profesional nacional e europeo.</p> <p>O.E.2.1.10 Traballar os recursos e potenciais de cada persoa, dun xeito lúdico.</p>

	O.E.2.1.11 Proporcionar formación en novas tecnoloxías
O.E.2.2. Educación Medioambiental	<p>O.E.2.2.1 Coñece-lo medio físico e natural, sendo consciente do papel da terra coma fonte de vida.</p> <p>O.E.2.2.2 Garantir un servizo completo de educación medioambiental a cativos e cativas, achegando o medioambiente no entorno urbano.</p> <p>O.E.2.2.3 Formar a persoas interesadas no eido do lecer, en materias medioambientais, como principais educadores/as da sociedade, ofertando recursos de educación medioambiental a profesionais da educación.</p>
O.E.2.3. Formación de profesorado	<p>O.E.2.3.1 Ofertar una formación docente dacordo coas necesidades educativos do sistema educativo actual</p> <p>O.E.2.3.2 Promover formacións no que se potencie o valor educativo de temas transversais encamiñados á saúde e á participación cidadá.</p>

ÁREA DE PARTICIPACIÓN	
O.E.3.1 Veciñanza	<p>O.E.3.1.1 Dinamizar a vida da comunidade coa animación social</p> <p>O.E.3.1.2 Dar a coñecer o patrimonio natural e cultural e rural da provincia de Pontevedra</p> <p>O.E.3.1.3 Promover a dinamización social en Galicia</p> <p>O.E.3.1.4. Promover festas de unión da veciñanza.</p>
O.E.3.2 Xuventude	<p>O.E.3.2.1 Favorecer a participación da mocidade na vida da comunidade incentivando a cooperación e solidariedade</p> <p>O.E.3.2.2. Fomentar medios e recursos para a unión da mocidade.</p>
O.E.3.3 Voluntariados e Monitores/as	<p>O.E.3.3.1 Impulsar a actuación social do voluntariado e monitorado como axentes do cambio</p> <p>O.E.3.3.2 Achegar coñecementos para iniciativas asociativas e laborais relacionadas coa familia profesional servizos Socioculturais</p>

ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	
O.E.4.1 Intervención	O.E.4.1.1 Visibilizar o galego como lingua de referencia na animación social

n transversal	<p>O.E.4.1.2 Coidar o uso da lingua a nivel interno e externo</p> <p>O.E.4.1.3 Promover escenarios para a convivencia normalizada de infancia e mocidade con diferentes perfís lingüísticos</p> <p>O.E.4.1.4 Realizar obradoiros e xogos que presenten o galego como unha lingua válida para actividades sociais</p> <p>O.E.4.1.5 Implicar no proceso de normalización da lingua ao monitorado e voluntariado que interveña nas actividades</p> <p>O.E.4.1.6 Vincular a toponimia coa natureza, o turismo rural e a ecoloxía</p> <p>O.E.4.1.7 Programar periodicamente actividades de ocio e tempo libre para as familias nas que se fomente o uso do galego</p> <p>O.E.4.1.8 Programar módulos de lingua e sociolingüística aplicada a animación social nos cursos para voluntarios/as, axentes sociais</p> <p>O.E.4.1.9 Actualización da páxina web da Asociación para proporcionarlle ao público canta información precise</p> <p>O.E.4.1.10 Relacionar o galego coa igualdade de xénero, respecto polas culturas e tradicións, rexeitamento da exclusión social</p>
----------------------	---

ÁREA DE EMPREGO	
O.E.5.1. Asesoramento e Orientación ao emprego e educación.	<p>O.E.5.1.1 Informar, orientar e asesorar acerca do acceso ao mundo laboral.</p> <p>O.E.5.1.2 Informar, orientar e asesorar sobre os recursos educativos dispoñibles.</p>
O.E.5.2. Apoio ao emprendemento e ao asociacionismo	<p>O.E.5.2.1 Informar, asesorar e orientar acerca do emprendemento e o asociacionismo.</p> <p>O.E.5.2.2 Servir de apoio para o desenvolvemento de proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá nos campos da animación sociocultural, benestar social, voluntariado, formación profesional e integración veciñal.</p>
O.E.5.3. Intervención prelaboral	<p>O.E.5.3.1 Formar e capacitar a persoas con enfermidade mental en materias que potencien a súa inserción social e a igualdade de oportunidades, a través da participación, uso e disfrute dos recursos do seu entorno máis próximo.</p> <p>O.E.5.3.2 Familiarizarse co traballo físico e o esforzo de forma saudable, incorporando rutinas prelaborais no</p>

ámbito da natureza.

O.E.5.3.3 Adestrar as habilidades, capacidades e actitudes individuais e grupais das persoas con discapacidade de cara á inserción no mundo laboral.

6 PROXECTOS E ACTIVIDADES

Proxecto Naturalmente

Este proxecto está encamiñado a **previr a exclusión** de persoas con trastornos mentais e fomentar os seus hábitos para a súa participación na vida comunitaria, apoiándose na labor do voluntariado. É unha iniciativa social que pretende atender as demandas de usuarios e usuarias, promovendo a integración e o desenvolvemento integral das persoas con enfermidade mental na sociedade, aportando as habilidades necesarias para poder levar a cabo unha vida máis autónoma de cara a súa vida en comunidade, tanto para as persoas que directamente teñen enfermidade mental, como para as súa familia máis preta, que na maioría dos casos exercen de familia cuidadora. O presente proxecto tamén contemplou unha ampla **perspectiva medioambiental** coa finalidade de outorgar habilidades e capacidades prelaborais.

Estas actividades procuraron principalmente favorecer o respiro familiar das persoas cuidadoras, a miúdo familia, ao mesmo tempo que educaron en valores, fomento da psicomotricidade fina e grosa, mellora a autoestima, autonomía e a formación e potenciación dun ocio saudable e participativo.

Respira Naturalmente

Consiste en saídas ou estancias de fin de semana onde se levan a cabo actividades da vida diaria como son limpeza, cociña e adecuación de pisos, para favorecer a formación e adestramento das actividades da vida diaria, para poder mellorar a súa calidade de vida. Estas estancias

foron combinadas con excursións medioambientais para propiciar o coñecemento do entorno galego e o uso dun ocio saudable.

Por outra banda, tamén foi unha medida para favorecer a independencia das familias cuidadoras e o autocoidado das mesmas.

Horta ecolóxica e viveiro

Actividade rehabilitadora para persoas con enfermidade mental, fomentando o cultivo dos propios produtos alimenticios, e potenciando neles habilidades e capacidades novas a través da creación dunha horta ecolóxica para explicación dos procesos que se levan a cabo no medio natural. Tamén cremos necesaria esta actividade para fomentar rutinas e responsabilidades. Destácase a instalación dun invernadoiro a través do cal se fomentou o uso da horta.

Obradoiros de estimulación

Esta actividade é semanal para as persoas con enfermidade mental, por considerala terapéutica e moi favorecedora da súa **psicomotricidade e creatividade**. Incorporamos actividades de estimulación cognitiva, psicomotricidade, obradoiros artísticos, de conciencia climática, cinefórum, costura, saídas culturais...

Tamén se levarán a cabo obradoiros de xabóns artesanais e outras formas de cosmética caseira.

Da horta á cociña

Actividade de xantar na que adestraremos as habilidades na cociña a través dos alimentos plantados na horta. Para elo, contamos cun dossier de receitas a pór en práctica, que facilita enormemente a tarefa de aprendizaxe. Dispoñible na nosa páxina web.

Desta forma, tamén atenderemos necesidades básicas a partires dunha actividade semanal de xantar, garantindo así a adquisición de produtos de primeira necesidade e aportando, mínimo, unha comida á semana.

Novas tecnoloxías

Para potenciar o uso das novas tecnoloxías levamos a cabo un obradoiro de novas tecnoloxías aplicado á procura de emprego, actualmente en marcha.

Atención básica individualizada

Incorporouse a actividade de información, acompañamentos institucionais, médicos e sociais a persoas usuarias e as súas familias. É a atención básica que todo usuario/a recibe, tendo en conta as súas necesidades e demanda.

Seguimento de itinerarios de inserción laboral

Seguimento laboral para que as persoas con discapacidade coas que traballamos poidan recoller as pautas básicas e recibir o apoio necesario para a permanencia no mercado laboral. É o aporte que cremos necesario para seguir avanzando cara a completa inclusión na sociedade das persoas con trastornos mentais.

Accións formativas

Son cursos de formación que directa e indirectamente formarán profesionais en materia de educación ambiental e animación sociocultural, coa finalidade de aportar coñecementos que abran as portas ao mundo laboral:

- Formación en Saúde Mental
- Formación en Igualdade.
- Formación en educación para o tempo libre

Mostra fotográfica














PROXECTOS



O proxecto **Naturalmente** naceu xunto coa entidade para dar resposta ás necesidades máis básicas en saúde mental: fomento da autonomía, necesidade de tempos alleos aos cuidados familiares e ocio terapéutico.



Programa de actividades XARUMA - NATURAL-MENTE

Pegar
Foto

FICHA DE INSCRICIÓN:

DATA ENTREVISTA:
DATA COMEZO:

Para participar nas actividades necesitamos que cubras esta ficha que é confidencial.

Nome e apelidos: _____ D.N.I.: _____
 Data de nacemento: _____ Enderezo: _____
 Localidade: _____ Código Postal: _____ Teléfono: _____
 Correo electrónico: _____ Estudos: _____
 Asisto a actividades en: LENDA DOA Hospital de día FEAFES Outros

Nome familiar de contacto (indicar pai/nai; irmá/ñtío-a): _____
 Dirección familiar de contacto: _____
 Teléfono familiar de contacto: _____

Discapacidade Recoñecida: Si _____ Non
 Sei nadar: Si Non Vivo: Só Cun familiar/es Outros
 Medicación (indicar que momento do día): Mañá Tarde Noite
 Autorización de fotos: Si Non
 Problemas de saúde: _____

Sinatura do usuario/a:

Sinatura do familiar:

Con esta sinatura comprométeme a cumprir as normas que establece Xaruma para cada actividade (véanse ao dorso de xeito xeral) e a seguir as indicacións do monitorado e voluntariado. Comprométeme ademais ao cumprimento escrito das prescricións médicas cando as houbera e a facilitar aos responsables do programa de actividades *Natural-mente* de Xaruma os informes clínicos necesarios para o mellor desenvolvemento de actividades. Comprométeme tamén a manter unha actitude de máximo respecto con todos os participantes das actividades.

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Personal, informámolle que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro chamado Usuarios/a propiedade da Asociación Xaruma, previamente comunicado á Axencia de Protección de Datos. Xaruma non transferirá datos, nin total nin parcialmente sen o oportuno consentimento expreso do/a interesado/a. A posesión propietaria dos mencionados datos terá dereito de acceso, rectificación e cancelación dos mesmos nos termos e períodos establecidos na Lei Orgánica 15/1999, mediante escrito ao apartado de correos 5252, 56205 Vigo.

Colabora:



ONDE ESTAMOS?

Santiago de Compostela:
- Proxecto Naturaleiro
- Proxecto Flores
- Proxecto Mulleres en Acción

Monte de Lemos:
- Proxecto Naturaleiro
- Proxecto Flores
- Proxecto Mulleres en Acción



Vigo:
- Proxecto Naturaleiro
- Proxecto Flores
- Proxecto Herminclipe
- Proxecto Mulleres en Acción

Cortegado:
- Proxecto Naturaleiro
- Proxecto Flores
- Proxecto Mulleres en Acción



CONTACTA CON NÓS :

- **Web:** xaruma.org
- **E-mail:** xarumaorg@gmail.com
- **Teléfonos:** 986 12 79 49 / 698 14 21 58
- **Facebook:** @xaruma
- **Instagram:** @asoc.xaruma

Atención telefónica de luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 17:30

APOIAN:



XUNTA DE GALICIA



CONCELLO DE VIGO



Nº de rexistro de entidades:
Xunta de Galicia. Consellería de Política Social. Entidade prestadora de servizos sociais: E5490
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
 Entidade de acción voluntaria: 0646

Entidade declarada de utilidade pública

SEDE VIGO: Torrecedeira 99



ASOCIACIÓN XARUMA



Participación

Formación


Integración

Emprego

Normalización lingüística

Igualdade

ACTIVIDADES DE INTEGRACIÓN 1ª QUENDA XANEIRO


LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO	
<p>Desexámosvos unha marabillosa entrada ao ano 2025.</p> <p>Que este ano traia oportunidades para seguir aprendendo, compartindo e alcanzando metas en conxunto.</p> <p>Grazas por formar parte da nosa familia!</p>		<p>1</p> 	<p>2</p> <p>Natureza e Saúde 17:00-18:00</p> <p>Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>3</p> <p>Autonomía: coñecendo o barrio 17:00-20:00 Celia Telepizza Travesía de Vigo</p>	<p>4</p> <p>Certame de Rondallas en Valadares 17:00-20:00 Celia Piso Xaruma</p>	<p>5</p> <p>Domingo ideal para desfrutar a última película navideña</p> 	
<p>6</p> <p>Día de Reis</p> 	<p>7</p> <p>Natureza e Saúde 17:00-18:00</p> <p>Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>8</p> <p>Xantares: da horta á cociña 12:00- 16:00 Celia/Ana Piso Xaruma</p> <p>Estimulación Cognitiva e As Cortes de Xaruma 17:00-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>9</p> <p>Natureza e Saúde 17:00-18:00</p> <p>Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>10</p> <p>Autonomía: coñecendo o barrio 17:00-20:00 Celia Farola Urzáiz</p>	<p>11</p> <p>Partido de Volei 17:00-20:00 Celia Piso Xaruma</p>	<p>12</p> <p>Día perfecto para chamar a alguen que fai tempo que non ves</p> 	
<p>13</p> <p>Teatro Xanela 11:45 parada bus Carlin ou 12:30 Chapelá María</p> <p>Actividade 17:00- 20:00 Raquel Piso Xaruma</p>	<p>14</p> <p>Natureza e Saúde 17:00-18:00</p> <p>Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>15</p> <p>Xantares: da horta á cociña 12:00- 16:00 Celia Piso Xaruma</p> <p>Estimulación Cognitiva e As Cortes de Xaruma 17:00-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>www.tubalala.com</p> 			<p>CONTACTA: Tif. 986 127 949 698 142 158 (Xaruma) 698 120 101 (Sábados e festivos) traballosocialxaruma@gmail.com www.xaruma.org</p>	

* Completa o debuxo unindo os números

ACTIVIDADES DE INTEGRACIÓN 2ª QUENDA XANEIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	D
<p>CONTACTA: Tlf: 986 127 949 698 142 158 (Tania) xarumaorg@gmail.com www.xaruma.org</p>			16 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma	17 Autonomía: coñecendo o barrio 17:00-20:00 Celia Igrexa de San Miguel de Bouzas	18 Visita ao Nautilus 17:00-20:00 Celia Nadador (A Laxe)	19
20 Esas cousas maravillosas 17:00-18:30 Faladoiro 18:30-20:00 María Piso Xaruma	21 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma	22 Xantares: da horta á cocíña 12:00-16:00 Celia Piso Xaruma Falares de cine 17:00-20:00 Raquel Local Xaruma	23 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Creatividade musical 18:30-20:00 Celia Local Xaruma	24 Excursión Pobra do Brollón 10:30 – 18:30 Raquel Carlin Autonomía: coñecendo o barrio 17:00-20:00 Celia Coia (Volcáns)	25 RESPIRA TEIS 10:30-16:00 Raquel Local Xaruma Visita á Fundación Laxeiro 17:00-20:00 Local Xaruma	26
27 Xogos 17:00-20:00 Raquel Piso Xaruma	28 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma	29 Xantares: da horta á cocíña 12:00-16:00 Celia Piso Xaruma Estimulación Cognitiva 18:45-20:00 Celia Local Xaruma	30 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma	31 Autonomía: coñecendo o barrio 17:00-20:00 Celia Local Xaruma	1 Atopa as diferenzas que se amosan nos debuxos de arriba	2

ACTIVIDADES DE INTEGRACIÓN 1ª QUENDA FEBREIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	D
<p>Rechea estos corazoncillos con cores que máis gustes</p> 				<p>CONTACTA: Tlf: 986 127 949 698 142 158 (Tania) xarumaorg@gmail.com www.xaruma.org</p>	<p>1 Andalza Sendeiro local de Candeán Flor "Ver no taboleiro"</p> <p>Aninovo chinés no C.C. A Laxe 17:00-20:00 Celia Nadador (A Laxe)</p>	<p>2</p>
<p>3 Psicomotricidade 17:00-20:00 Tania Piso Xaruma</p>	<p>4 Camiña, ofrece e florece 17:00-18:00 Celia e Agustín Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia e Agustín Local Xaruma</p>	<p>5 Xantares da horta á cociña 12:00-16:00 Celia e Agustín Piso Xaruma Estimulación cognitiva 17:00-20:00 Celia e Agustín Local Xaruma</p>	<p>6 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Celia Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>7 Paseo polo Castro 17:00-20:00 Celia Gasollifeira (Plaza España)</p>	<p>8 Excursión a Naturnova 17:00-20:00 Celia A farola (Urzáiz)</p>	<p>9</p>
<p>10 Faladoiro de actualidade 17:00-18:30 Tania Xogos educativo 18:30-20:00 Tania Piso Xaruma</p>	<p>11 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Obradoiro creativo 18:30-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>12 Xantares: da horta á cociña 12:00-16:00 Celia Piso Xaruma Estimulación Cognitiva 17:00-20:00 Celia Local Xaruma</p>	<p>13 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Celia Obradoiro creativo 18:30-20:00 Raquel Local Xaruma</p>	<p>14 Xogos de mesa en de 4x4 17:00-20:00 Celia Plaza América (Porta do C.C. Camelias)</p>	<p>15 Visita á fundación Laxeiro 17:00-20:00 Celia Piso Xaruma</p>	<p>16</p>

Este documento é propiedade de XARUMA, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así se estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Xunta de Goberno de Xaruma




ACTIVIDADES DE INTEGRACIÓN 2ª QUENDA FEBREIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	D
17 Xogos de habilidade 17:00 18:30 Paula R. Lectura en grupo 18:30 20:00 Paula R. Piso Xaruma	18 Natureza e Saúde 17:00 18:00 Paula R. Obradoiro creativo 18:30 20:00 Paula R. Local Xaruma	19 Xantares: da horta á cocíña 12:00- 16:00 Paula R. Piso Xaruma Estimulación Cognitiva 17:00- 20:00 José Local Xaruma	20 Natureza e Saúde 17:00 18:00 Paula R. Obradoiro creativo 18:30 20:00 Paula R. Local Xaruma	21 Visita á exposición da EMAO 17:00-20:00 José Piso Xaruma	22 RESPIRATEIS 11:00 20:00 María e José Local Xaruma	23
24 Teatro Xanela 11:45 parada bus Carlin ou 12:30 Chapelá María Psicomotricidade 17:00 20:00 Paula R. Piso Xaruma	25 Natureza e Saúde 17:00 18:00 Paula R. Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma	26 Xantares: da horta á cocíña 12:00- 16:00 Paula R. Piso Xaruma Estimulación Cognitiva 17:00 20:00 Celia Local Xaruma Mulleres en acción 17:00 - 20:00 Nerea Local Xaruma	27 Natureza e Saúde 17:00 18:00 Paula R. Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma	28 Excursión Cortegada 11:00-18:00 Tania e Raquel Parada Bus Carlin Paseo por Castrelos e visita ao museo Quiñones de León 17:00- 20:00 Celia Plaza América (diante do do IFS Santa Irene)	1 Entroido en Bouzas 17:00 20:00 Celia Igrexa de San Miguel de Bouzas 	14

O 20 de febreiro é o Día Mundial da Xustiza Social, deixámosvos unha frase célebre sobre á mesma:
 «Se queremos un mundo de paz e de xustiza hai que poñer decididamente a intelixencia ao servizo do amor».
 Antoine de Saint-Exupery (1900-1944). Escritor e aviador francés; autor do «O principíño»

 **CONTACTA:**
 Tlf: 986 127 949
 698 142 158 (Tania)
 xarumaorg@gmail.com
 www.xaruma.org

ACTIVIDADES DE INTEGRACIÓN 1ª QUENDA MARZO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	D
3 Torneo de xogos 17:00-20:00 José Piso Xaruma CONTACTA: Tlf: 986 127 949 698 142 158 (Tania) xarumaorg@gmail.com www.xaruma.org	4 Merenda de Entroido e Xogos 17:00-20:00 Alba Piso Xaruma Colorea a máscara deste peliqueiro 	5 Xantares: da horta á cociña 12:00-16:00 Paula R. Piso Xaruma Estimulación Cognitiva e Coro Xaruma 17:00-20:00 Celia Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-18:00 Nerea Local Xaruma	6 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Local Xaruma Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma Xuntanza mulleres 17:00-20:00 Nerea Piso Xaruma	7 Visita a casa das Artes 17:00-20:00 José Piso Xaruma Quen é o artista da imaxe? 	8 Actividade polo día da muller 17:00-20:00 Paula R. Farol Príncipe 	9
10 Teatro Xanela 11:45 parada bus Carlín ou 12:30 Chapela María Psicomotricidade 17:00-20:00 Celia Piso Xaruma	11 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Local Xaruma Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma	12 Xantares: da horta á cociña 12:00-16:00 Paula R. Piso Xaruma Estimulación Cognitiva 17:00-20:00 Celia Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-20:00 Nerea Piso Xaruma	13 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-20:00 Nerea Piso Xaruma	14 Xornada de mulleres na ciencia "A Morada" 17:00-20:00 Celia Gasolinera de Praza España	15 Andaina por Vigo "Ver no taboleiro" Flor Visita á Pinacoteca Francisco Fernández do Riego 17:00-20:00 José Local Xaruma	16

Este documento é propiedade de XARUMA, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así se estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Xunta de Goberno de Xaruma

ACTIVIDADES DE INTEGRACIÓN 2ª QUENDA MARZO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	D
17 RESPIRATEIS 10:00-14:00 María Local Xaruma Escrita creativa 17:00 - 18:00 Paula R. Piso Xaruma Psicomotricidade 18:30 -20:00 Paula R. Piso Xaruma	18 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Local Xaruma Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma	19 Xantares: da horta á cocíña 12:00- 16:00 Paula R. Piso Xaruma Estimulación Cognitiva 17:00- 20:00 Celia Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-20:00 Nerea Local Xaruma	20 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Local Xaruma Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-20:00 Nerea Local Xaruma	21 Exposición do Marco 17:00-20:00 José Farola (Príncipe)	22 Festival Gorrilla 17:00-20:00 Celia Farola (Príncipe)	23
24 Teatro Xanela 11:45 parada bus Carlin ou 12:30 Chapelá María Psicomotricidade 17:00-20:00 José Piso Xaruma	25 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Local Xaruma Obradoiro creativo 17:00-20:00 Paula R. Local Xaruma	26 Xantares: da horta á cocíña 12:00- 16:00 Paula R. Piso Xaruma Estimulación Cognitiva e Coro 17:00-20:00 Celia Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-20:00 Nerea Local Xaruma	27 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Local Xaruma Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-20:00 Nerea Local Xaruma	28 Andaina por Tels 17:00-20:00 José Piso Xaruma	29 Museo do Mar 17:00-20:00 Paula R. Parada de bus de Praza América	30
31 Faladoiro de actualidade 17:00-18:00 Celia Piso Xaruma Xogos de mesa 18:30-20:00 Celia Piso Xaruma	Atopa as diferenzas entre as dúas imaxes: 					CONTACTA Tlf: 986 127 949 698 142 158 (Tanía) xarumaorg@gmail.com www.xaruma.org




Este documento é propiedade de XARUMA, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así se estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Xunta de Goberno de Xaruma

ACTIVIDADES DE INTEGRACIÓN 1ª QUENDA ABRIL

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	D
 CONTACTA Tlf: 986 127 949 698 142 158 (Tania) 698 120 101 (Sábados) xarumaorg@gmail.com www.xaruma.org	1 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma	2 Xantares: da horta á cociña 12:00-16:00 Paula R. Piso Xaruma Estimulación Cognitiva 17:00-20:00 Celia Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-20:00 Nerea Local Xaruma	3 Natureza e Saúde 17:00-18:00 Paula R. Obradoiro creativo 18:30-20:00 Paula R. Local Xaruma Mulleres en acción 17:00-20:00 Nerea Local Xaruma	4 Visita á exposición "Paisaxe interior" 17:00-20:00 José O Farol (Príncipe)	5 Xogos no piso 17:00-18:00 José Piso Xaruma ASEMBLEA XERAL 1ª convocatoria: 18:00 2ª convocatoria: 19:00 Local Xaruma	6
